



## Concello de Xermade

### ANUNCIO

#### **Desestimento da convocatoria pública de subvencións municipais para a colaboración do Concello nas festas parroquiais, ano 2023. Expte. 154/2023.**

A Xunta de Goberno Local do Concello de Xermade, na sesión ordinaria celebrada o 26/04/2023 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

#### **“4º. Subvencións**

#### **4.1. Desestimento da convocatoria pública de subvencións municipais para a colaboración do Concello nas festas parroquiais, ano 2023. Expte. 154/2023.**

Dáse conta da proposta da Alcaldía de data 24 de abril de 2023, que se transcribe literalmente:

#### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

#### **Asunto: desestimento da convocatoria pública de subvencións municipais para a colaboración do Concello nas festas parroquiais, ano 2023. Expte. 154/2023.**

Visto a Ordenanza Xeral reguladora do outorgamento de subvencións polo Concello de Xermade, aprobada polo Pleno do Concello en sesión celebrada o 21 de decembro de 2006 e cuxo texto íntegro se publicou no BOP nº 45 o 24 de febreiro de 2007.

Vistas as Bases de Execución do Orzamento municipal para o 2023 e a existencia de crédito na partida 338.489, polo importe de 2.200 euros.

Vistas as bases para a convocatoria pública de subvencións municipais para colaboración do Concello de Xermade nas festas parroquiais ano 2023, aprobadas pola Xunta de Goberno Local o 27/02/2023.

Foi publicado anuncio no BOP nº 056 o 09/03/2023. Non consta a presentación de ningunha solicitude polo momento.

Tendo en conta que o Concello de Xermade acordou a adhesión ao convenio de colaboración entre a Federación Española de Municipios e Provincias e a Sociedad General de Autores y Editores, asinado o 29/10/1996, pola que se autoriza o uso público do repertorio da SGAE aos municipios que se adhiran, a cambio dunha tarifa simplificada.

Sendo intención deste concello que as comisións de festas e promotoras das verbenas populares que se celebran no noso termo municipal se beneficien desta tarifa simplificada, elaborouse un convenio de colaboración, que deberá ser asinado con carácter previo a declarar completa a documentación esixida pola Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, modificada pola Lei 10/2017, do 27 de decembro, que ven a establecer que para a celebración de espectáculos e actividades extraordinarias con carácter xeral se require a presentación dunha declaración responsable.

Polo exposto, dado que a colaboración entre o Concello de Xermade e as comisións de festas vaixe canalizar a través do uso público do repertorio da SGAE, considerase conveniente desistir da convocatoria pública de subvencións municipais para a colaboración do Concello nas festas parroquiais. Deste xeito, o crédito orzamentario retido na aplicación 338-48 podería transferirse á aplicación 338-226, a fin de non perturbar a execución orzamentaria desta.

Visto o informe xurídico emitido pola secretaria-interventora o 24/04/2023, en sentido favorable ao desestimento.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 21.1.s da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Vista a delegación de competencias efectuada pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local no referente ás subvencións (apartado d), mediante Decreto núm. 396/2019 (BOP nº 186 do 14/08/2019), elevo á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Desistir do procedemento de convocatoria pública de subvencións municipais para a

Concello de Xermade

Praza do Concello s/n, Xermade. 27833 (Lugo). Tfno. 982501001. Fax:





## Concello de Xermade

---

colaboración do Concello nas festas parroquiais, ano 2023, cuxas bases foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local o 27/02/2023, polos motivos expostos nos fundamentos xurídicos desta resolución e, en consecuencia, declarar terminado o procedemento administrativo procedendo ao seu arquivo.

Segundo.- Publicar un anuncio na Base Nacional de Subvencións, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica municipal.

Xermade, na data da sinatura dixital.

O alcalde

Roberto García Pernas"

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos."

O que se fai público para xeral coñecemento.

Xermade, na data da sinatura dixital.

O alcalde

Roberto García Pernas

